



Confederación Intersindical Galega

INFORMA

Maio 2012

Información para o persoal das Esc.Inf. *Cativos* de Ana Naya S.L.

Diante do proceso que a Empresa Ana Naya S.L. está iniciando, coa intención de poñer en marcha (porque, ata agora, non podemos usar o termo "negociar") un Convenio de Empresa, as consecuencias que este podería traer para todo o persoal, e as accións e métodos con que o está a facer, para a información das/os traballadoras/es afectadas/os,

A CIG-ENSINO QUERE FACER AS SEGUINTES ACLARACIÓNS

1º) Tal e como se leva feito desde o comezo, **todo o proceso é totalmente irregular** e, ata nos atreveríamos a dicir que "chapuceiro". Nun primeiro intre pensamos que só era froito dun descoñecemento legal, pero logo de ser informada a empresa, e ante a insistencia en seguir por esa vía, xa nos fai pensar que detrás de todo isto agáchanse outras intencións, non precisamente boas, de cara a **empeorar as condicións laborais e salariais do persoal pola vía rápida**.

2º) Xa a primeira convocatoria, a que se fai para o día 20 de abril, é enganosa ou, cando menos, pouco clara. Pois fai unha referencia a problemas económicos (que logo negan e chaman "de liquidez") e á necesidade de analizar e consensuar medidas para solucionarlos. **Non se fai**

referencia ningunha á **Negociación dun Convenio de Empresa do que xa se entrega en dita reunión unha primeira proposta**. Tamén cómpre aclarar que para unha reunión informativa a empresa pode convocar a quen queira, só faltaría, pero non así **para un proceso de negociación, no que só poderán participar as persoas lexitimadas para elo**.

3º) Enteirados do resultado desa reunión, desde a CIG-Ensinu puxémonos en contacto telefónico cun representante da empresa, para asesoralo sobre a **ilegalidade do proceso**, e trasladámoslle a través dun escrito, rexistrado con data do 4 de maio de 2012, esa advertencia acompañada de **todas as referencias legais (artículo por artículo, copiados textualmente) que recolle a lexislación laboral en vixencia**. (Trasladamos tamén copia do escrito ao persoal).

4º) Sabedores de que outras organizacións sindicais, UGT e CCOO celebraron unha Asemblea informativa en Compostela (na que nos tería gustado participar), puxémonos en contacto cos seus representantes, para coñecer a súa opinión ao respecto e, dada a coincidencia, **actuar de xeito conxunto e unitario a partir dese intre. Cousa que xa estamos a facer: enviamos escrito asinado polas tres organizacións á empresa,**

falamos da posibilidade de facer algunha outra asemblea conxunta e coincidimos na valoración e demandas sobre a situación actual.

5º) Logo das presións das tres organizacións sindicais, a empresa remata **desconvocando formalmente a reunión prevista para o día 10 de maio**, a través dun correo electrónico que nos foi enviado, iso si, non sen antes mandar outros correos aos centros de traballo descalificando ás organizacións sindicais por facer o seu traballo e acusándoas xustamente do que desde a empresa están a facer: **crear confusión e medo entre o persoal. Mais celebra unha reunión no mesmo día, pola tarde, na que sigue pola mesma liña coa que comezou**. Nesta falouse de novo do Convenio de Empresa e pasouse, ademais, a proposta, baseada no actual Convenio estatal, coas modificacións, e advertindo ás persoas asistentes de que non se trasladara a ninguén que non acudira á reunión. Séguese a actuar con enganos, coaccións e total secretismo.

6º) A empresa, diante dese discurso que "vende" de invitar á participación con propostas, e o proceso que se inventa para que todos os centros estean representados, **está enganando e utilizando de novo a todo o persoal, e de xeito especial ás persoas**

que saíran eleixidas en cada centro polo método que a empresa desenvolveu. A representación legal das traballadoras (neste caso Delegadas de Persoal), non pode ser eleixida deste xeito antidemocrático e ilegal. **Hai lexislación que regula como se debe levar a cabo ese proceso de elección de representantes, os requisitos, os prazos, os modelos de actas oficiais, e o rexistro correspondente na Administración competente para que conste esa validez legal. Isto non só debe sabelo todo o persoal, senón as persoas que foran eleixidas dese xeito, pois **chegado o caso, non terían ningún dereito ou amparo legal, como si teñen as representantes legalmente eleixidas.****

7º) Á marxe de todos estes erros de procedemento, **desde a CIG-Ensino somos totalmente contrarios, a priori, da negociación de Convenios de Empresa que empeoren as condicións recollidas nos convenios de ámbito superior.** Precisamente por iso, entre outros motivos, acabamos de convocar unha folga xeral e moitas mobilizacións contra a Reforma Laboral.

8º) No hipotético caso de que a empresa alegara problemas económicos que poideran poñer en perigo os postos de traballo, cousa que terá que demostrar e documentar, **a lexislación**

laboral actual recolle outro tipo de medidas para afrontar ese tipo de situacións que habería que estudar, antes de chegar a esa alternativa do Convenio de Empresa. E a condición que a empresa pon como alternativa (baixada porcentual dos salarios), o que se vén chamando na linguaxe da negociación colectiva “cláusula de descolgue”, ou de inaplicación das táboas salariais, é certo que aparece na Reforma Laboral. Pero tamén hai que demostrar os problemas económicos para aplicalo.

9º) Como, a pesar do “secretismo” co que se pasou, xa imos coñecendo as propostas que a empresa fai para ese novo convenio, e agardando a que estas se concreten, de chegar a realizarse esa negociación polas canles regulamentarias, **a CIG-Ensino manifestará a súa opinión chegado o momento, sempre despois de informar e consultar a opinión de todo o persoal, por suposto (a quen temos a obriga de defender).**

10º) De ir pola liña do que ate agora se propón, perécenos que se está a ofrecer un caramelo envenenado e **suporía un grave retroceso en varios aspectos:**

- **Salariais:** Porque se pretende introducir complementos a costa do salario e o CPP, que son os que realmente serven para a base de co-

tización (prest.por desemprego, pensións, extras, etc.)

- **Calendario laboral:** coa proposta preténdense eliminar directamente 10 días de vacacións.

- **Clasificación Profesional:** Sobra esa categoría que se propón, que non aparece no Sistema actual das calificacións Profesionais, e só pretende crear postos de traballo máis precarios.

- **Incapacidade (IT):** Tamén pretende eliminar o dereito que figura no Convenio actual de cobrar o 100 % do salario os tres primeiros meses.

- **Redución de xornada:** Límitase o dereito que xa hai na lexislación actual.

- **Faltas e sancións:** Non se especifican e clasifican nin unhas nin as outras.

- **Idade de xubilación:** Xa se empeorou bastante este aspecto coa nova reforma das pensións, incrementando a idade e o tempo de cotización, como para ir máis alá do que marca a lei. A proposta do Plan de Pensións ten trampa. Supón beneficios para a empresa e desventaxa para o persoal, polo menos tal e como se propón.

- **Outras propostas:** Todas pretenden eximir a empresa de cotizacións e buscar incentivos, a costa das/os traballadoras/es.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com